



Hollande e o cambio

Description



François Hollande

Nada máis evidente que o desexo de cambio que se vive en Europa, fartos todos da política nefasta de Merkel e de Sarkozy, unha política de curto alcance, nacionalista e contraria aos intereses europeos. A vitoria de François Hollande é vista e sentida en xeral como unha esperanza para Europa.

Ese desexo de cambio que se aparece a Hollande, en xeral moi claro e manifesto, ao mellor redúcese a iso mesmo: a un desexo. Non é boa cousa personalizar tanto o cambio que desexamos para a política europea, tan cega nos derradeiros tempos para os intereses europeos, maiormente pola súa incapacidade para velos como tales e por encaralos con criterios nacionalistas.

Non hai dúbidas de que Hollande parece representar o contrario de Anxela Merkel e de Nicolas Sarkozy, en canto pensa na necesidade dunha política europea, nunha política económica contraria á deles dous, con maior acento no crecemento e non no déficit e porque, ademais, semella non aprobar que Europa sexa dirixida unilateralmente, como

ocorre na actualidade.

Hai síntomas de que as súas ideas teñen atopado atención a todos os niveis europeos, dende a mesma Anxela Merkel ao BCE, e outras instancias, como a mesma Comisión Europea, que non de esperar abran os ollos ao abismo a que nos leva a política executada pola parella franco alemá. Síntomas que xa se ven se callan nunha verdadeira nova política para Europa.

A maior dificultade que vai ter será o poder financeiro alemán, ao que serve descaradamente Merkel, e por suposto o francés, que ten intereses moi fortes que defender. Saberemos moi logo se Hollande vai poder executar as súas propias ideas, as que o levaron ao poder, ou se, como Obama, terá que conformarse con levar adiante tan só as que lle deixen. Este é o problema.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

ARQUIVO Europa

IDIOMA

Galego

Date Created

Mai 14, 2012

Meta Fields

Autoria : 10029

Data publicación : 20120514